

Sra. Excma. Sra.
D.ª Mercedes Paula Alvarellos Fondo,
alcaldesa-presidenta do
Excmo. Concello de Lugo

En relación coa APROBACIÓN INICIAL, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, producida durante a sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, que tivo lugar o pasado xoves 26 de setembro de 2024, dentro da parte resolutiva e no que atinxe á facenda local (punto 13/153) da MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

D/Dna _____, con DNI _____, e domicilio
a efectos de notificacións en _____,
e enderezo electrónico _____.

EXPÓN:

Que, en tempo e forma, e en relación coa publicación do devandito documento sometido a aprobación inicial, procédese a expor a seguinte

ALEGACIÓN

Que, no tempo en que a devandita modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles ven de ser aprobada inicialmente, as ÁREAS DE EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL, pasan a seren considerados SOLOS DE CARÁCTER URBANO, coa especial circunstancia (que non corresponde con esta clasificación) de que NON EXISTE APROVEITAMENTO EDIFICATORIO LUCRATIVO, e por iso

SOLICITA

Que o EXCMO. CONCELLO DE LUGO inste á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO, organismo dependente da Secretaría de Estado de Facenda, no que atinxe ás ÁREAS DE EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL, non considere estes solos como de carácter urbano, dadas as especiais circunstancias que implican unha completa ausencia de aproveitamento edificatorio.

Que, subsidiariamente e en calquera caso, se aplique, no imposto que corresponde ao valor dos bens inmobles, unha bonificación que compense, e reverta, A APARICIÓN DUN FEITO IMPOÑIBLE (antes inexistente) que supón a aprobación da devandita ordenanza número 201.

En _____, a ____ de _____ do 2024

Asinado: Don/Dona _____